POR UNHA ATENCIÓN PRIMARIA DE CALIDADE, UNIVERSAL E ACCESIBLE PARA AS PERSOAS MAIORES



A atención primaria sofre desde hai anos un proceso de deterioración e abandono debido ás políticas de axustes e privatización do PP, que se agravou coa crise económica do 2008 e coas decisións erradas da Xunta de Galicia (recortar recursos, eliminar prazas de profesionais e someter os centros de saúde ás xerencias dos hospitais).

Con esta situación precaria, afróntase a pandemia da covid-19 e a atención sanitaria á poboación degrádase pola paralización da actividade (suspéndese a realización de probas e controis de saúde periódicos en pacientes con patoloxías crónicas e a lista de espera para ser atendidos polo médico de familia dispárase, cunha demora de 10 a 20 días), a implantación da atención telefónica e a limitación no acceso aos centros de saúde.

Estas novas medidas restritivas repercuten moi negativamente nas persoas maiores, que non sempre dispoñen de medios ou capacidades para pedir cita telefónica ou telemática ou mesmo a consulta non presencial.

Outro tanto ocorre coas limitacións no acceso aos centros de saúde pois, sendo entendibles nos primeiros meses da pandemia, agora resulta inxustificable e inhumano que se deixe as persoas á intemperie, expostas ás inclemencias do tempo mentres noutros ámbitos da vida se recupera a normalidade.

CCOO pensionistas

Para restablecer unha atención primaria de calidade, universal e accesible para as persoas maiores, desde a Federación de Pensionistas e Xubilados de CCOO de Galicia, esiximos:

1 **Incrementar o orzamento sanitario público** ata acadar o 25 % nun prazo de cinco anos. Este orzamento debe ser finalista para que non se desvíe a outras partidas.

2 **Paralizar o peche de centros de saúde** e reabrir os pechados en horarios de mañá e tarde.

3 **Recuperar a accesibilidade e a atención presencial nos centros de saúde** como única medida que garante ao acceso á atención sanitaria á poboación en igualdade de condicións.

4 **Restablecer a capacidade dos centros de saúde,** respectando os correspondentes protocolos covid establecidos.

5 **Reforzar a atención primaria coa incorporación de novas categorías profesionais** para satisfacer unha boa parte da demanda asistencial que na actualidade recae, irracionalmente, sobre a medicina de familia (logopedia, podoloxía, nutrición, xeriatría, etc.).

6 **Orientar a actividade da atención primaria** á promoción, prevención, rehabilitación, actividades comunitarias dirixidas a actuar sobre os determinantes da saúde.

> Chamamos a poboación a participar nas mobilizacións convocadas ou secundadas polas organizacións sindicais e as xuntas de persoal en defensa da sanidade pública

RECUPERAR A ATENCIÓN PRIMARIA

Todo isto é clave para recuperar a atención primaria, cos medios suficientes para poder tratar e resolver máis do 80 % dos problemas de saúde da poboación e, en especial, os que afectan ás persoas maiores.

Desde a Federación de Pensionistas e Xubilados de CCOO de Galicia apoiamos as mobilizacións convocadas ou secundadas polas organizacións sindicais e as xuntas de persoal, e chamamos a poboación a participar nelas para facer unha forte presión social e conseguir cambios de calado, pois a nova realidade pospandemia pode deteriorar aínda máis os problemas que se veñen arrastrando dende hai moito tempo na sanidade pública galega.